



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

---Documento: **ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 23 DE NOVIEMBRE DE 2009.**

---Contrato: **OBRAS DE "ASFALTADO ACCESOS NÚCLEOS RURAIS AGAR E OUTROS"**.

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: **26 DE NOVIEMBRE DE 2009**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia relativa á adxudicación provisional do contrato de obras de "Asfaltado accesos núcleos rurais Agar e outros".

Visto o expediente tramitado, de contratación das obras "Asfaltado accesos núcleos rurais Agar e outros".

Visto que dentro do prazo, so presentou solicitude de participación Transportes y Maquinaria C.P., S.L.

Vista a documentación administrativa aportada polo licitador.

Vista a oferta realizada polo licitador.

Visto o informe da Intervención municipal de data 23-11-09.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21-06-07.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes Acordos:

1º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de obras de "ASFALTADOS ACCESOS NÚCLEOS RURAIS AGAR E OUTROS", por importe de 224.858,24 euros, a TRANSPORTES Y MAQUINARIA C.P., S.L., con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

2º.- A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

- Xustificación acreditativa de estar ao corrente das obrigacións tributarias e para coa Seguridade Social.
- Informe da Tesourería municipal de que se atopa ao corrente das súas obrigacións tributarias para co Concello.
- Certificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe/s correspondentes, no ámbito municipal, provisional ou nacional.
- Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

3º.- Notifíquese o presente Acordo aos licitadores e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

A Estrada 26 de novembro de 2009.
O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López.